



ESTÁS

10 de Marzo de 1198 fernán Gómez doou ao Mosteiro de Oia entre outras cousas todo o que tiña e lle pertencía na Igrexa de Santiago de Hastas, que así dí: Despois o 28 de Xuño de 1331 o referido Mosteiro permutou esta Igrexa e outras máis que eran do seu padroado co Sor. Bispo de Tui Dn. Rodrigo para a de Pedornes. No 14 de Abril de 1555 Dn. Alonso de Peñaranda Chantre de Tui e Abade Reitor do Beneficio de Santiago de Estás renunciou a este curato que era de presentación do Arcebispo de Cerveira Dn. García Prego de Montaos o Vello; e o Sor. Bispo Dn. Xoán de Sn. Millán uniulle e anexou o Convento de Relixiosas de Vila Vella de Redondela fundado polo referido Arcebispo, coa obriga de pagar ao vigairo que servise á parroquia 2 pipas de viño e 24 buccios de pan cada ano: pero hoxe en día leva a parte de décimos que logo díremos. Venera Estás por Patrón tutelar ao Apóstolo Santiago o Maior, e celebra a súa festa o 25 de Xullo. Habitana 95 veciños, que pertencen polo contencioso ao Xuíz de Tomiño, e polo político e gubernativo ao de Barrantes. Valen os seus décimos e os da nova parroquia de Figueyró 14.664 reais, os que se reparten nesta forma: o Párroco de Estás leva 3 oitavas partes que lle valen 5.499 reais, o de Figueyró a terceira parte das outras cinco oitavas restantes, que son 3.055 reais, e as referidas Relixiosas de Vila Vella o restante que lle produce 6.110 reais. O Abade de Estás ten casa reitoral e igrexario de 3 ferrados de pan en semente. A fábrica da Igrexa percibe de renda anual 61 reais e 21 marabedís de arrendos. Paga á Mitra de Tui medio xantar, 1 libra de cera e 100 marabedís velllos. Este Beneficio é de presentación do Conde de Maceda como posuídor do vinculo fundado polo motivado Arcebispo Dn. García Prego de Montaos. Houbo aquí un castelo moi antigo chamado do Carril. Dista da capital 2 leguas." (Ávila y La Cueva, 539-540).





Igrexa

Esta freguesía pertenceu ao Mosteiro de Oia ata 1331 en que foi permutada xunto con outras ao Bispo de Tui pola de Pedornes. Seguiu sendo problemática, xa que os seus beneficios pretendíanos tamén as beneditinas de Tomiño uns anos despois.

Máis tarde pertenceu ao Convento de Relixiosas de Vilavella por ser curato do seu fundador D. García Prego de Montaos, que era da Casa dos Pereira.

Foi construída no lugar que ocupaba unha antiga capela da Virxe Peregrina no ano 1820, pouco despois da desmembración que no ano 1806 fixo o Bispo Xoán García Benito para crear a parroquia de S. Martiño de Figueiró.

A fachada principal (75) presenta tres rúas formadas por catro pilastras adosadas. As extremas teñen basa, pero non capitel, e nelas apoian unhas volutas sobresaíntes que nos achegan á espadana central, e aos pináculos pétreos, e tamén unha moldura que as une coas que forman a rúa central.

As pilastras interiores teñen basa e capitel sinxelo. Acolle a porta principal que está moldurada e con lintel curvo. Enriba dela unha gran ventá, tamén moldurada. E como remate a espadana, dun só corpo e dous ocos. Tola ela cunha varanda pétreo. Remátase en moldura curva con dous pináculos extremos máis pequenos e cruz pétreo no centro.

Ten unha nave rectangular e **presbiterio cadrado (77)**. Adosado a el está a sancristía, máis baixa que o resto.

A cuberta da nave é a dúas augas, e o teito en madeira, a modo de cuarteiróns.

No presbiterio, de cuberta a catro augas, o teito é plano, tamén en madeira e con cuarteiróns máis pequenos.

Conserva cinco retablos, da época, sen maior interese artístico e en bo estado.

O retablo maior está dedicado ao patrón, **Santiago Apóstolo (76)**, cunha moi boa imaxe de Santiago peregrino, con bordón e libro.

No lateral sur están os retablos de a **Virxe das Dores (79)** e do **Carme (80)**.

No lateral norte, o da **Virxe de Fátima (81)** e o da **Virxe Peregrina (78, 82)**, con S. Campio no que sería o seu banco.

Tanto a fiestra da fachada principal coma as da nave adórnanse na actualidade con vidreiras artísticas de recente feitura (86).





No Museo Diocesano consérvase a antiga cruz procesional de madeira do século XVIII.

No adro, polo lado sur, hai un cruceiro sobre tres chanzos, que ten o fuste moi ben traballado en distintos planos. Un Santiago a cabalo na parte media do mesmo fai a separación. (83)

E preto da igrexa está o **monumento á Virxe Peregrina**, (84) realizado en pedra no ano 1904 e inaugurado o 12 de agosto de 1905. A imaxe é obra do artista portugués Xustino Xosé Estévez. No ano 1975 restaurouse a imaxe e colocouse noutra posición, para poder recibir aos peregrinos que por este camiño se acheguen á igrexa.

Ata este monumento veñen as procesións litúrxicas que se realizan na parroquia.

Capela de S. Sebastián (85)

No barrio do seu nome.

É unha pequena capela con nave rectangular.



As paredes son de pedra e a cuberta, a dúas augas, de formigón con tella plana. Ten un pequeno campanil. Tanto a fachada principal coma o testeiro remátanse en capias. No leste cunha cruz pétrea.

Tivo unha restauración no ano 1974, e posteriormente outra no 1981-82.

FESTAS E ROMAXES DE ESTÁS

- S. Sebastián: 20 de xaneiro.
- Virxe Peregrina: último fin de semana de agosto.



